



TEMPO DE PASCUA 2024

O Concello de Outes, abre o prazo de inscrición para o servizo de conciliación”**TEMPO DE PASCUA**”, do programa Outes Concilia, destinado a nenas e nenos de **idades comprendidas entre os 3 anos (escolarizados) e os 12 anos**, que se desenvolverá os días, **25, 26, 27 de marzo e o 1 de abril, en horario de 8:00 a 16:00 h., no edificio autónomo do CEIP Plurilingüe de Outes.**

As familias poderán facer uso do servizo en función das súas necesidades, permitindo a entrada e saída flexibles.

Para o bo desenvolvemento das actividades programadas, recoméndase a aquelas familias que non vaian a facer uso do horario completo do servizo, incorporarse ao mesmo sobre ás 10:00 h e saída a partir das 13:30 horas.

As nenas e nenos terán opción de almorzar e xantar no servizo, sendo as familias as encargadas de aportar os alimentos en termos e neveiras.

Lémbrese as/os participantes que leven unha pequena merenda ademais dunha botella de auga.

Prazas limitadas.

O prezo público establecido na ordenanza reguladora corresponde e ascende a **15 €** o total do campamento.

Exención e bonificación.

Segundo as circunstancias da unidade familiar aplicaranse os seguintes descontos:

1.- Exención:

A emisión dun informe social do departamento de Servizos Sociais que indique a necesidade do servizo sen que haxa posibilidades económicas para aboar o custo do mesmo implicará a exención da cota.

2.- Bonificación:

Cando asistan ao mesmo servizo varios irmáns de xeito simultáneo, o segundo irmán e sucesivos terán un desconto dun 50%.



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

Documentación a achegar sempre que non esté en poder do Concello de Outes e se comunique o expediente no que figure:

Fotocopia do libro de familia. No caso de tratarse de familias numerosas ou monoparentais acredítalo co título correspondente.

Fotocopia tarxeta sanitaria da/o menor.

O persoal técnico responsable do servizo poderá requirir outra documentación complementaria ou adicional que precise.

As solicitudes poden presentarse de xeito telemático, a través da sede electrónica do Concello de Outes (<https://outes.sedelectronica.gal>), ou de xeito presencial no Rexistro do Concello en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres. **O prazo de inscrición do 4 ao 15 de marzo.** (Ambos incluídos)

Máis información no CIM de Outes, solicitando cita previa no número de teléfono 981850949.